

CORRECCIÓN DE ERROS: *Resolución do 10 de xuño de 2021 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.*

Advertidos erros **no Anexo I** da Resolución do 10 de xuño de 2021 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería, é preciso efectuar as seguintes modificacións:

Anexo I, nº de posto 2:

Onde di:

N.º posto					
2	Escola de especialidades fundamentais da Estación Naval de A Graña-Ferrol (A Coruña)				
	Corpo	Código	Especialidade	Código	N.º prazas
	Profesores de ensino secundario	590	Administración de empresas	101	1
	Profesores de ensino secundario	590	Navegacións e instalacións mariñas	109	1
	Profesores técnicos de formación profesional	591	Máquinas, servizos e produción	210	1
	Profesores técnicos de formación profesional	591	Procesos comerciais	221	1

Debe dicir:

N.º posto					
2	Escola de especialidades fundamentais da Estación Naval de A Graña-Ferrol (A Coruña)				
	Corpo	Código	Especialidade	Código	N.º prazas
	Profesores de ensino secundario	590	Administración de empresas	101	2
	Profesores de ensino secundario	590	Navegacións e instalacións mariñas	109	1
	Profesores técnicos de formación profesional	591	Máquinas, servizos e produción	210	1
	Profesores técnicos de formación profesional	591	Procesos comerciais	221	1

Anexo I, nº de posto 7:

Onde di:

Nº posto		
7	Programa específico: Secretaría Xeral para o Deporte (Presidencia da Xunta de Galicia)	
	Destino	6.1 Secretaría Xeral para o Deporte (Ourense) 6.2 Secretaría Xeral para o Deporte (Pontevedra)
	Prazas	6.1: 1 praza para funcionario de carreira do corpo de mestres ou do corpo de profesorado de ensino secundario da especialidade de Educación Física ou que posúa a licenciatura en Educación Física. 6.2: 1 praza para funcionario de carreira do corpo de mestres ou do corpo de profesorado de ensino secundario da especialidade de Educación Física ou que posúa a licenciatura en Educación Física .
	Funcións	Desenvolvemento da campaña do deporte en idade escolar. Participación na programación e divulgación da campaña de deporte en idade escolar e nas zonas e comarcas da súa área de actuación. Coordinación de grupos de traballo e dinamización da campaña. Elaboración de memorias e estatísticas da campaña
	Requisitos	Persoal funcionario do corpo de profesores de ensino secundario da especialidade de Educación Física ou que posúan a licenciatura en Educación Física. Experiencia na organización de competicións deportivas en idade escolar.
	Observacións	Horario apropiado ás necesidades da actividade deportiva e ao seu desenvolvemento (tardes, fins de semana). Necesidade de desprazamento ás competicións ou servizos de coordinación.

Debe dicir:

Nº posto		
7	Programa específico: Secretaría Xeral para o Deporte (Presidencia da Xunta de Galicia)	
	Destino	6.1 Secretaría Xeral para o Deporte (Ourense) 6.2 Secretaría Xeral para o Deporte (Pontevedra)



Prazas	<p>6.1: Unha praza para funcionario de carreira do corpo de mestres ou do corpo de profesorado de ensino secundario da especialidade de Educación Física, ou persoal funcionario de carreira do corpo de mestres ou do corpo de profesorado de ensino secundario que posúa a licenciatura en Educación Física.</p> <p>6.2: Unha praza para funcionario de carreira do corpo de mestres ou do corpo de profesorado de ensino secundario da especialidade de Educación Física, ou persoal funcionario de carreira do corpo de mestres ou do corpo de profesorado de ensino secundario que posúa a licenciatura en Educación Física.</p>
Funcións	<p>Desenvolvemento da campaña do deporte en idade escolar. Participación na programación e divulgación da campaña de deporte en idade escolar e nas zonas e comarcas da súa área de actuación. Coordinación de grupos de traballo e dinamización da campaña. Elaboración de memorias e estatísticas da campaña</p>
Requisitos	<p>Persoal funcionario de carreira do corpo de mestres ou do corpo de profesorado de ensino secundario, en ambos casos da especialidade de Educación Física ou que posúan a licenciatura en Educación Física. Experiencia na organización de competicións deportivas en idade escolar.</p>
Observacións	<p>Horario apropiado ás necesidades da actividade deportiva e ao seu desenvolvemento (tardes, fins de semana).</p> <p>Necesidade de desprazamento ás competicións ou servizos de coordinación.</p>